



A comparsa Os Segadores, de Fontán, no ano 1925
Marñana, 15/03/1925

Edita: Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo

Maqueta: Manuel Pérez Lorenzo

Imprime: Copitec Dixital S. L.

comisionsuarezpicallo@gmail.com

<http://www.blogoteca.com/acsuarezpicallo>

Sada - febreiro de 2016

Directiva - presidente: Francisco A. Pita Fernández / vicepresidenta:
Marisa Naveiro López / secretaria: Vanesa Santiago Vázquez/ vicese-
cretaria: Rexina Basadre Orozco / tesoureiro: Esteban Rodríguez Lis-
te/ vogais: Xosé Val Díaz, Xesús Castro Vidal, Amable Carballeira Ca-
ño, Xaime Rodríguez Rodríguez, David García Pauwels, Carme Grata-
cós Rius, Laura I. Pita Campos

Textos cedidos por José Antonio Fernández (Tucho)

D.L. C 815-2014 - Tirada: 450 exemplares

INTRODUCCIÓN

Chegan xa, coa súa mobilidade no calendario, as festas de Entroido. Unha oportunidade para divertírmonos, desinhibírmonos e degustar os manxares tradicionalmente asociados a estas datas. Pero tamén para afondarmos no noso pasado, para coñecer como se vivían estas celebracións na Sada doutro tempo.

O noso Entroido local estivo caracterizado desde antigo polos bailes de máscaras (a cuberto, polo xeral nos salóns de baile), as representacións teatrais cómicas e, sobre todo, as comparsas. Estas agrupacións, así locais como procedentes doutros municipios da contorna, percorrían a vila cantando, coas músicas máis célebres de cada momento, letras de factura propia alusivas, en modo irónico, ao propio vecindario, ás autoridades e aos acontecementos recentes. Os mariñeiros de Sada e Fontán, nos anos 20, 30, 40... conformaban boa parte daquelas comparsas, ás que se sumaban outras integradas pola mocidade coruñesa. Xa fosen de Sada, xa de Coruña, había un protagonista indiscutible: José Díaz Gamoiras, autotitulado Marqués de Pibela y Brazos-Cortos. Este tipógrafo, natural da cidade herculina, era o principal compositor de letras para o Entroido de ambas localidades.

Moitos daqueles textos ficaron prendidos na memoria das xentes e chegaron aos nosos días a través da oralidade. Mais neste Caderno recolleemos letras de Pibela que foron publicadas nun folleto editado baixo o título de Colección completa de versos de las comparsas que salieron en La Coruña y sus contornos en el Carnaval de 1929. Son, por tanto, os textos orixinais, sen as transformacións propias da transmisión oral.

Sirva este Caderno para lembrar a Pibela, a quen tan bos momentos fixo pasar ás veciñas e veciños de Sada, e sirva tamén para recoller vestixios dunha tradición que, cos seus parénteses e altibaixos, mantívose viva ata hai apenas un lustro. Unha tradición que sería bo recuperar, para seguir transmitindo ese espírito noso, a un tempo algareiro e mordaz, que ten pisado as rúas cada Entroido.

Manuel Pérez Lorenzo

ENTROIDO DE 1929

COMPARSA DIRIXIDA POR JOSÉ DÍAZ GAMOIRAS, “MARQUÉS DE PIBELA Y BRAZOS CORTOS” SECCIÓN DEDICADA A SADA

Fiestas de San Roque

(Música: *Soldadito Español*)

Das festas de Agosto en Sada
moito temos que falar;
si é que ustedes nos escoitan,
vamos o choyo a empezar.

Si en algo se mete a «pata»,
lles hemos de suplicar
nos perdonen, pois nosoutros
non queremos molestar

(Estribillo)

O programa empezou
con concurso de bandas,
e a todos asombrou
ver o ben que soplaban,

Sobre todo o de Arca
a todos achicaba;
pero en vez de bailables
modernos, variables,
sempre o mesmo tocaba!

As danzas dos pescadores
foron cousa original,
pois bailaban cunhos aros
de maneira magistral.

Xa quixeran en Pamplona,
Barcelona e máis Madrí
ter unhas danzas tan lindas
como as que temos aquí.

(Estribillo)

Logo, vaya calor!
catro días de bailes,
na Mariña, señor,
fuegos artificiales.

Despois bombas, petardos,
e luces de bengala,
con caneiros no Couto,
ese bonito souto
da Perla Mariñana.

Las regatas

(Música: *Soldadito Español*)

Hubo regatas en Sada
de traineras gran cañí
entre o Náutico da Cruña
cos pescadores de aquí.

Despois dunha gran «batalla»
que libraron colosal,
vencedores os de Sada,
empezaron a cantar:

(Estribillo)

–Gañamos porque si,
contra vento e marea,
os rapaces de aquí
son duros como pedras...

Pois agarrando o remo
con coraxe e tesón,
o que con nós se poña,
lle damos unha «soba»
que o volvemos turrón.

A xente que en barquichelas
paseaba polo mar,
vendo o curso das regatas,
non deixaban de exclamar:

–Hala, mozos, darlle duro!,
que hoxe vades a ganar
trece medallas de prata
e unha copa colosal.

(Estribillo)

As fillas de D'Halmar
de alegría bailaban,
e sidra polo mar
en garrafós botaban.

Despois todos marcharon
de maneira galante,
a celebrar tranquilos
o triunfo conseguido
cun banquete gigante,

La calle de la Iglesia

(Música: «Fiero», Como un león...)

Pola calle da Iglesia
xa non se pode pasar
con tantas criticonas
como de cote alí hai.

Teñen como as serpientes,
sempre o ferrete afilao,
e a quen pillen por diante
xa está apañado!

(Estribillo)

–Védelo? Aí vai
–Que guapo está!
–Leva traxe entallao.
–Donde o comprou,
ou quén llo dou,
si está desempleado?

–Pois eu non sei.
–Vaia, muller!
Ti telo que saber.
El sin ganar,
sin traballar...
xa podes comprender.

–Aí vai Colás
«tira p'atrás»
todo encaracolao.
Leva trinchera,
botas e cuello planchao.

Si Xan leva levita,
si Enrique leva calzós;
si a Prudencio lle *pesan*
demasiado os... botós.

Si pasa unha rapaza
co seu traxiño de tal,
xa salen as lambuzas
a criticar.

(Estribillo)

—Francisca, vén,
Rosa, tamén,
chamade a Leonor,
para mirar que guapa vai
Joaquina de Amador...

co seu rapás, que é Nicolás
do «tranvía» conductor,
que según din
(eu non o vin)
lle anda no interruptor...

E sempre así
andán alí,
estirando a nariz,
hasta que un día
as mandemos para Allariz.

Estos bichos-miñocas
que tanto dano nos fan,
vamos ter que matalos
coa inyección de alquitrán.

Si este desinfectante
non fai efeuto formal,
en seguida, señores,
veña Zotal!

(Estribillo)

Senón candaos
ben axustaos

pra a boca lles cerrar,
cunhos «bocaos» atravesaos
que pesen un kintal.

A ver si así marchan de aló
e nos deixan en paz,
sin criticar, nin censurar
a vida dos demais.

Tanto falar, moito ladrar,
e a casa sin varrer;
a loza sucia,
e hasta a cama sin facer!

La eterna cuestión

(Música: *Siempre me dices lo mismo*)

Vuelven nuestros encantíños
a ponernos hinchado el riñón
con sus modas la mar de curiosas
y más caprichosas
que un niño llorón.

Antes era la melena
y el cabello cortado al Garsón,
que las puso tanto de perilla,
¡ay, señora
Leonora!
que mirarlas daba compasión.

Ahora les da
por pintar todas, Ninón,
ojos y cejas con carbón,
y encima se pulen las uñas
y los labios se untan
con Crema de Melón.

Luego después
Se dan masajes, Chinchón,
para llamar más la atención.

Un día
por andar con monadas,
van quedar más desplumadas
que está el gallo de Morón.

Que se adornen, se retoquen,
nunca lo encontramos de más.
Que se pinten y se chiflen,
eso nos parece fatal.

Hay en Mondego señores
(pueblecito la mar de jovial),
unas mozas garridas y hermosas
y muy cariñosas a carta cabal.

Bailan con mucha elegancia
(desde el chotis hasta el charleston),
y se van al Salón del Platero,
que sincero

y placentero
se lo pone a su disposición.

También Meirás
tiene unas hembras jamón,
que hacen hinchar
el corazón...

Sus ojos, su cuerpo divino,
le ponen hasta a un pino
los nervios en tensión.

También Fontán,
Sada y Montrove, chaval,
atrás no van en garbo y sal,
Dorneda,
Santa Cruz y San Pedro,
Sin dejar atrás Oleiros,
aquello es monumental.

¡Qué mujeres más divinas!
Yo nunca las he visto igual,
¡Qué Valencia ni Sevilla!
aquello con esto no es «ná» .

COMPARSA “OS BROMISTAS DE FONTÁN”

PRIMEIRA PARTE

Garsón, adoquinado y muro

(Música: *La del Soto del Parral*,
Coro de enamorados)

Aquí llegamos señores
estos mozos de arte mariñán
muy amables y personas listas,

somos Los Bromistas,
todos de Fontán.

Vamos a contar a ustedes
(si es que escuchan y quieren oír)
muchas cosas castizas y hermosas,
caprichosas
y garbosas
que pasaron señores allí.

Después que ya
pasó la moda, chinchón,
de recortar
a lo Garsón
el pelo, surgen dos pequeñas
que lo «tapan» risueñas
en Fontán de romplón.

Luego después
mozas y viejas, chipén,
locas de gozo
ellas también,
de Cuba
trajeron un barbero
que las puso, compañeros, [...]]
ya no saben lo que han de inventar
para hacer que los hombres en ellas
se fijen y digan
—¡Qué guapiña está!

Muchas depilan las cejas
y pintan de negro-tizón,
y la cara llenan de polvillos
con perfumes exquisitos
cuyo aroma se nota en Gijón.

Luego después
cogen las uñas, mi sol
y las refriegan con Sidol;
Las meten después en lejía
y luego al otro día
las «bañan» con alcohol.

Así que están
bien coloradas, Ninón,
untan el pelo
con Jabón
y arrancan
al baile derechitas,

a darse unas vueltecitas
de schotis o charlestón.

Quien se casa ¡pobrecito!
con estas mujeres tostén,
el chaleco le ha caído
¡y la paletilla también!

En Sada se changueaban
de nosotros con aire alemán,
y decían: «Antes de que el muro
hagan de... carburo
a los de Fontán,
tendremos ya terminado
por completo el adoquinado
y hasta incluso traída de aguas...»
¡Ay, que gracia,
doña Engracia!
¡Vaya plancha la que se han tiraol!

El muro este
ya terminado, salao,
nunca hay que hablar
adelantao.

Es cierto
que hemos peleado
para ver acabado
el muro tan ansiado.

Creo que está
bien aclarado, mi bien,
que aquí no hay
ningún belén.

En cambio
no está el adoquinado,
porque dicen que ha quedado
«derretido» en la sartén...

SEGUNDA PARTE

Unha vella como hai poucas...

(Música: *Soldadito Español*)

Fai cuestión de pouco tempo
nunha tenda de Fontán,
unha vella entrou señores
para pegarlle a un chaval.

Véndose o pobre molido
da paliza que levou,
colle á vella e zipi-zapa!
contra unha mesa a tirou.

(Estribillo)

–Jalopín, jalopín!
(disque a vella bramaba),
si non fora por ti,
non me vían a... saía!

Ai, Jesús, que vergonza!
En que trance me vexo!
mala chispa xa me coma,
sinón donde te colla
che desfajo o pelexo!

O ver que outra vez de novo
se volvían a agarrar,
como non se «despejaban»,
houbo que botarlles gas.

Vendo que esto fracasaba,
mandamos a Marañón
que fora a Ferrol correndo
a buscar un gran cañón.

(Estribillo)

O velo preparar
para «escupir» a metralla
a vella, miña nai!
escapou para a casa.

O rapás, medio morto
de luchar con coraxe,
ó cañón lle decía:
–Miña Santa Lucía,
de boa me salvache!

Pola festa de San Roque
en Fontán se inaugurou
unha lápida homenaxe
ó señor que gestionou

que se nos fixera o muro
para defendernos do mar,
mais ven o Planeta Marte
e nola fixo tirar.

(Estribillo)

Está ben demostrao
que non hai hoxe en día
neste mundo salao
máis que unha pura envidia.

A pesar deste trance,
nós tranquilos estamos,
porque ben comprendemos
e ademais... xa sabemos
con que *peixes* tratamos!

TERCERA PARTE

¡Eran dos hombres casados!

(Música: *Ladrillos*)

As mociñas de Carnoedo
andan todas asustadas
por causa dunhos «tostadas»
que as querían enganar.

Un día se lles presentan
dous consumados tunantes,
decindo ser tripulantes
do crucero «Calamar».

—Mi ser —decían eles—
los dos extranjeros.
Tener muchos dineros
y barcos ¡la mar!

Nos gustan las gallegas,
porque son muy bellas
y pronto con dos de ellas
nos vamos a casar...

Collen dúas chavalas,
lles contan un «conto»
e as bodas para pronto
se iban a anunciar.

Incluso hasta os padriños
estaban nombrados
e todos «preparados»
para «aterrizar».

Cando por fin se encontraba
toda a farra preparada,
se descolga unha *tronada*
que a todos deixou «varaos».

Madre santa de los Cielos!
Virgen de los Abalorios!
Si resulta que os «tenorios»
eran dous homes casaos!!!

O treto descobreuse,
porque a Carnoedo
chegaron as mulleres
destos dous «lavaos»,
e por nada señores
os volven polvillo,
gracias a que saliron
de alí disparaos...

*Letras de José Díaz Gamoiras,
Marqués de Pibela y Brazos Cortos*



A comparsa Os Segadores desfilando por Fontán
Mariñana, 15/03/1925

Logo de dous anos compilando e publicando materiais procedentes dos entroidos de finais dos anos 70 e comezos dos 80, facemos desta volta un salto no tempo ata os anos vinte.

No presente caderno recolleemos letras de dúas compartas do Entroido de 1929, todas elas compostas polo inesquecible Pibela, *Marqués de Pibela y Brazos Cortos*, un dos históricos

protagonistas do Entroido coruñés que nunca deixaba de facer a súa incursión por Sada. Da súa pluma saíron letras que logo foron popularizadas e hoxe permanecen na memoria dos maiores.

Sirva este exemplar dos *Cadernos de Estudos Locais* como homenaxe a Pibela, por todos os momentos de ledicia que, en datas como estas, fixo vivir ás xentes de Sada coas súas enxeñosas composicións.

CADERNOS DE ESTUDOS LOCAIS

- Nº 1 - «O Ateneo de Cultura Política y Social: unha experiencia societaria na Sada da II República» · M. Pérez Lorenzo
- Nº 2 - «As letras e o mar» · M. L. Freire-Calvelo, R. Suárez Picallo
- Nº 3 - «As letras e as festas» · E. Rocha Llobregat, M. L. Freire-Calvelo, R. Suárez Picallo, X. A. Suárez Picallo
- Nº 4 - «Manuel Couzo e o C. E. Sada y sus Contornos» · A. López Soto, M. Pérez Lorenzo
- Nº 5 - «A represión franquista en Sada. As vítimas mortais» · M. Pérez Lorenzo
- Nº 6 - «A sociedade Sada y sus Contornos» · M. Gayoso Barreiro
- Nº 7 - «Palabras de Nadal e Aninovo» · R. Suárez Picallo
- Nº Extraordinario - «Isaac Díaz Pardo e as Cerámicas do Castro» · Xosé Díaz
- Nº 8 - «Voces de xustiza. Artigos e manifestos dos anarquistas de Sada na II República» · AA.VV.
- Nº 9 - «Homenaxe a Juan Carlos Medal “Jaitos”» · AA.VV.
- Nº 10 - «As letras e as festas II» · M. L. Freire-Calvelo, X. A. Suárez Picallo
- Nº 11 - «Francisco Varela Posse. O fotógrafo de Sada» · F. Pita Fernández, M. Pérez Lorenzo
- Nº 12 - «Ricardo Flores. Sempre en Sada» · M. Pérez Lorenzo
- Nº 13 - «Fontán nas nosas letras» · R. Suárez Picallo, M. L. Freire-Calvelo
- Nº Extraordinario - «Isaac en Sada: documentos» · AA.VV.
- Nº 14 - «Carnoedo na historia: textos e documentos» · AA.VV.
- Nº 15 - «O entroido en Sada. A comparsa “Os Maleantes”» · AA.VV.
- Nº Extraordinario - «Chovía en Boisa. Palabras para Isaac Díaz Pardo no II cabodano do seu pasamento» · AA.VV.
- Nº Especial - «Mariñana, unha revista ilustrada na Sada de 1925» · Xesús Torres Regueiro.
- Nº 16 - «O Entroido en Sada: as comparsas “Os Broas” e “Os Pequeniños”» · AA.VV.
- Nº Extraordinario - «Pombas e mazás. Palabras para Isaac Díaz Pardo no III cabodano do seu pasamento» · AA.VV.
- Nº 17 - «Edificio “La Terraza” de Sada» · C. Fernández-Gago

Edita



Colaboran

